

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 12 DE XULLO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde) e o Concello de Ourense, para a centralización da información turística na oficina municipal de turismo do Concello de Ourense, por importe de trinta e catro mil euros (34.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Asociación Galega de Actividades Náuticas (AGANPLUS) para o desenvolvemento dos proxectos ECODESTIN_3IN e CAPITEN, por importe de catrocentos once mil seiscentos setenta e seis euros con cincuenta e dous céntimos (411.676,52 €), e polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantía nos pagamentos anticipados e á conta.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Axencia Turismo de Galicia, a Secretaría Xeral da Presidencia e o Concello de Salvaterra de Miño para a execución e desenvolvemento do proxecto museístico do Museo da Enoloxía do Condado do Tea, por importe de douscentos setenta e nove mil catrocentos trinta e oito euros con dezanove céntimos (279.438,19 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. para o desenvolvemento dun proxecto de innovación tecnolóxica no marco do Plan de acción de impulso aos contidos dixitais en Galicia cofinanciado co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, cun importe total de dous millóns catrocentos trinta mil euros (2.430.000 €).
- Acordo polo que se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais en relación coas actuacións correspondentes ao aparcadoiro para turismos integrado na estación intermodal de Ourense, que vai levar a cabo a Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Mos para o financiamento e a execución da construción dunha vía en Santa Eulalia, núcleo da Rúa, por un importe total de catrocentos sesenta e nove mil vinte e dous euros con oitenta céntimos (469.022,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello do Irixo para a construción dunha senda peonil na estrada OU-223 entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+840, por un importe total de cento oitenta e sete mil oitocentos trinta e sete euros con noventa e catro céntimos (187.837,94 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para potenciar grupos de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG), por un importe dun millón cincocentos mil euros (1.500.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do subprograma Ramón y Cajal, (convocatoria MEC 2016), por importe de catrocentos cincuenta mil euros (450.000 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a Estratexia Emigración 2020.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre retribucións dos empregados públicos.

XUNTA, CONCELLO DE OURENSE E INORDE IMPULSAN UNHA OFICINA DE TURISMO CONXUNTA PARA MELLORAR OS SEUS SERVIZOS

- *As tres administracións compartirán un mesmo espazo onde o turista poderá atopar e recibir información sobre os recursos e propostas de toda a Comunidade, da provincia de Ourense e da propia cidade*
- *Ademais de incrementar as sinerxías na prestación destes servizos de promoción, coa posibilidade de realizar accións conxuntas, a oficina resultante permitirá un aforro en gasto corrente e de funcionamento*
- *A Estratexia do turismo 2020 está a mellorar a cooperación entre as distintas oficinas e permite impulsar a súa optimización tecnolóxica*

A Xunta de Galicia, o Concello de Ourense e o Inorde (Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico) impulsarán unha oficina de turismo unificada na cidade das Burgas, un acordo de colaboración ao cal hoxe deu o seu visto e praxe o Consello da Xunta. Grazas a esta decisión, os viaxeiros que se acheguen ata este punto informativo disporán, nun único espazo, de toda a oferta de recursos e propostas de toda Galicia, da provincia de Ourense e da súa capital.

As tres administracións unen así esforzos no seu labor de promoción mediante a creación dunha oficina de atención centralizada onde atopar e recibir información local, provincial e autonómica. Situarase na rúa Isabel La Católica nº 2, en dependencias do Concello de Ourense, que porá á disposición de Turismo de Galicia e do Inorde, sen custo, unha parte da zona de atención ao público onde dar a coñecer os seus destinos, cos seus recursos e atractivos, eventos, actividades de interese e calquera outra información de utilidade.

Este acordo permite optimizar e mellorar os servizos prestados pola Xunta e o Concello de Ourense ata agora nas súas respectivas oficinas e, no caso do Inorde, propiciará que pase a contar cunha oficina de turismo da que carecía.

Desde as súas competencias, as distintas entidades poderán realizar iniciativas, proxectos e accións conxuntas que contribúan a impulsar e mellorar o turismo na Comunidade, afondando especialmente na posta en valor dos recursos turísticos de Ourense, unha provincia que nos cinco primeiros meses do ano recibiu un 10% máis de turistas, que realizaron un 5,3% máis de pernoitas.

A superficie total do local é de 140 metros cadrados e as tres administracións compartirán gastos de mantemento, o que permitirá unha maior eficiencia e a redución de custos de gasto corrente, incrementando as sinerxías do servizo.

A Estratexia do turismo de Galicia 2020, o documento acordado pola Xunta e o sector para traballar por un turismo de calidade e responsable, inclúe diversas liñas de acción respecto ás oficinas de información turística. Entre elas está o fomento da coordinación das oficinas, a mellora de puntos de información en espazos de mobilidade como aeroportos e a súa optimización tecnolóxica.

A XUNTA ALÍASE CO SECTOR NÁUTICO PARA CONVERTER GALICIA NUN DESTINO DE REFERENCIA EN EUROPA

- *O Consello acaba de aprobar a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Galega de Actividades Náuticas para apoiar o desenvolvemento de dous proxectos europeos de turismo náutico*
- *As iniciativas promoven a Comunidade como destino a través da posta en valor do patrimonio cultural e natural da costa e do interior*
- *Inclúen a creación de produtos turísticos culturais, cursos de formación ou o estudo de novos mercados internacionais neste eido*

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Administración autonómica e a Asociación Galega de Actividades Náuticas AGAN+ para o desenvolvemento en Galicia dos proxectos europeos Ecodestin_3In e Capiten, que promoven internacionalmente Galicia como destino náutico, cultural e deportivo a través da valorización do patrimonio cultural e natural da costa e do interior e inclúe crear produtos innovadores para converter Galicia nun destino náutico de referencia en Europa.

Ao abeiro desta colaboración entre o Goberno autonómico -a través de Turismo de Galicia e a Axencia de Desenvolvemento Rural (Agader)- e o sector náutico apoiarase o desenvolvemento en Galicia destes proxectos, incluídos no programa Interreg Galicia-Norte de Portugal e a iniciativa comunitaria Interreg Espazo Atlántico, que é o principal proxecto náutico aprobado para as rexións do Atlántico europeo.

Algunhas das principais actividades que se levarán a cabo no marco destes proxectos europeos son, entre outras, a posta en marcha de estudos de mercado de países emisores, a organización de cursos de formación e consultoría individualizada, o acceso ao patrimonio a través da implantación e desenvolvemento de realidade aumentada desde o mar e os ríos ou o apoio á aplicación de estándares internacionais de calidade.

A Xunta de Galicia levará a cabo todas as accións encamiñadas á coordinación interadministrativa, seguimento da execución do proxecto e a garantir a duración deste e a súa transferibilidade a potenciais entidades capitalizadoras dos resultados. A súa contribución ao financiamento do proxecto será de máis de 100.000 euros ata o ano 2020.

A alianza do Goberno autonómico co sector náutico para o impulso destes proxectos europeos enmárcase no seu compromiso, incluído na Estratexia do turismo de Galicia 2020, por internacionalizar o destino e poñer en valor turístico os recursos vinculados

ao mar. Galicia conta con 72 municipios costeiros, máis de 1.500 quilómetros de costa, 16 rías navegables practicamente todo o ano e preto de 900 praias. Tamén destaca en calidade. De cada dez instalacións náutico-deportivas co distintivo Q de Calidade Turística en España, seis están en Galicia (o 64%). As praias galegas destacan, ademais, cada ano na clasificación de bandeiras azuis. Actualmente, Comunidade conta con 124, entre praias e portos.

A XUNTA IMPULSA CON 270.000€ O PROXECTO MUSEÍSTICO VITIVINÍCOLA DO MUSEO DA ENOLOXÍA DO CONDADO

- *O Consello vén de aprobar a sinatura dun convenio de colaboración co concello de Salvaterra de Miño para dotar de contido este espazo*
- *A planta baixa do edificio incluírá información sobre a historia da cultura do viño en Galicia, con especial incidencia na D.O. Rías Baixas*
- *Despois de impulsar a posta en marcha desta infraestrutura o ano pasado, cun investimento de 300.000 euros, o Goberno autonómico quere dar continuidade a esta iniciativa e incentivar o enoturismo*
- *O Goberno galego segue así co seu compromiso de desenvolvemento turístico do interior galego coa posta en valor de recursos singulares*

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Administración autonómica e o Concello de Salvaterra de Miño para dotar de contido o Museo da Enoloxía do Condado, a través dun proxecto museístico que afondará na historia da cultura vitivinícola de Galicia e desta comarca, unha das cinco subzonas da D.O. das Rías Baixas.

Ao abeiro desta colaboración entre o Goberno autonómico -a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Turismo de Galicia, a Axencia de Desenvolvemento Rural e a Secretaría Xeral de Presidencia- e este concello pontevedrés, a información didáctica e divulgativa situarase na planta baixa do edificio e incluírá contidos como o papel da cultura vitivinícola na historia de Galicia ou as singularidades das denominacións de orixe vitivinícolas, especialmente da das Rías Baixas.

Tamén afondará na historia do viño desta zona do interior da provincia de Pontevedra, que inclúe os concellos de Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, A Cañiza, Pontearreas e Salceda de Caselas e que suma máis de 1.000 hectáreas de superficie cultivada e máis de 1.500 viticultores. Desde hai preto de 60 anos celebra a súa tradicional Festa do Viño -este ano cumpre a súa LIX edición- que é unha das máis antigas de España e unha das 120 festas de interese turístico de Galicia con que conta a Comunidade.

O proxecto museístico do Museo da Enoloxía do Condado, para o cal a Xunta destinará 270.000 euros, permitirá difundir e divulgar o potencial desta comarca do interior de Pontevedra, que conta tamén con máis reclamos culinarios singulares como a lamprea. Esta iniciativa contribuirá así a posicionar o Condado de Tea como destino enogastronómico do norte de España.

Este convenio dá continuidade á aposta da Xunta por esta infraestrutura turística situada en Salvaterra de Miño e xurdida ao abeiro dun convenio asinado o ano pasado. O Goberno galego achegou máis de 300.000 euros para a posta en marcha do Museo da Enoloxía do Condado de Tea e impulsar así o enoturismo, un dos recursos diferenciadores aos cales presta unha especial atención a Estratexia do turismo de Galicia 2020, a folla de ruta do turismo galego. Este recurso axuda a especializar a oferta, desestacionalizar a demanda e complementar outros segmentos como o turismo cultural e de natureza, o termalismo ou o turismo rural.

A XUNTA E A CRTVG COLABORAN NA ADAPTACIÓN DA TELEVISIÓN PÚBLICA AOS NOVOS HÁBITOS DE CONSUMO CON NOVAS CANLES INTERACTIVAS

- *Porase en marcha unha canle dixital para o ámbito educativo con contidos de calidade que contribúan a mellorar á experiencia educativa*
- *Crearanse contidos multimedia adaptados aos comportamentos dos usuarios grazas ao emprego de técnicas de análise baseadas en big data*
- *Incorporaranse á experiencia de usuario as segundas pantallas con contidos de realidade aumentada e realidade virtual*
- *Esta colaboración enmárcase no Plan DICO Mindset elaborado pola Amtega en colaboración cos axentes do sector para impulsar os contidos dixitais en Galicia*

O Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia, DICO Mindset, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), pon en marcha unha das súas primeiras actuacións, a colaboración coa Compañía de Radio Televisión de Galicia para adaptar as emisións do ente público ás novas demandas de consumo. O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a CRTVG e a Amtega para desenvolver diferentes actuacións neste ámbito.

O acordo, que asinarán nos vindeiros días os máximos responsables da CRTVG e da Amtega, consta dun orzamento total de 2.430.000 euros ata o 2020. A axencia pública autonómica achegará 1.780.000 de euros, cofinanciados nun 80% con fondos Feder, para facilitar o posicionamento da televisión pública autonómica nos novos hábitos de consumo.

Actuacións

Dentro das actuacións que se realizarán, está prevista a creación de contidos interactivos innovadores para o ámbito educativo non regrado que se integrarán nunha nova canle temática. Con esta actuación quérese estimular o uso de novas canles e medios, en liña coas novas tendencias de consumo de contidos educativos, que se poidan orientar ao progreso e ás preferencias educativas do alumnado, a partir da aplicación das TIC.

Ademais, para mellorar a experiencia de usuario incorporárase as segundas pantallas, así como a creación de contidos específicos baseados en realidade aumentada, realidade virtual etc... para ser consumidos nelas.

Por último, para completar o proxecto, está previsto deseñar modelos para a análise de datos, baseados en técnicas de big data, que permitan medir e analizar os comportamentos da audiencia co obxectivo de crear canles multimedia personalizadas.

Plan DICO Mindset

Estas iniciativas, en colaboración coa CRTVG, son un dos proxectos tractores impulsados desde e a Administración autonómica no marco do DICO Mindset para dar resposta a demandas concretas e ter, tamén un efecto de estímulo para o sector.

Esta estratexia define actuacións en tres eixos: o reforzo do capital humano, o desenvolvemento de proxectos tractores e o fomento da competitividade dixital para configurar un sector de contidos dixitais galego máis potente, maduro e competitivo, que neste momento aglutina en torno a 900 empresas con preto de 5.400 empregados.

Ademais, está previsto crear un centro de xeración de contidos educativos innovadores e, dentro da iniciativa de Memoria Dixital, apostarase pola aplicación da innovación tecnolóxica a todo o ciclo de vida de preservación, xestión e promoción do patrimonio cultural galego.

Orzamento do plan

A execución do plan obedece a unha filosofía de coordinación e colaboración entre distintas entidades do ámbito público (Amtega, Igape, CRTVG, Agadic, etc.), que se estende tamén aos axentes do ámbito privado (Clúster TIC, Clúster Audiovisual, empresas tractoras, etc.). En total, DICO Mindset conta cun investimento de máis de 13 millóns de euros, dos que máis de 1,6 millóns de euros se corresponden con capital privado, no período 2018-2020.

O CONSELLO DA XUNTA DESBLOQUEA O CRÉDITO NECESARIO PARA COFINANCIAR CON 4 MILLÓNS DE EUROS O APARCADOIRO DA ESTACIÓN INTERMODAL DE OURENSE

- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda foi a responsable de elaborar o proxecto da obra, que financiará nun 67% e será contratada e executada polo ADIF*
- *O equipamento terá 302 prazas e, ademais de á estación intermodal, prestará servizo ao barrio da Ponte e permitirá a reordenación da praza da estación*
- *O aparcadoiro forma parte da primeira fase da estación intermodal, que se completa coa nova terminal de autobuses que xa licitou o Goberno galego por 4,2 millóns de euros e cuxas obras comezarán este mes*

O Consello da Xunta desbloqueou hoxe o crédito necesario para cofinanciar con case 4 millóns de euros o 67% do aparcadoiro da estación intermodal de Ourense. Esa infraestrutura, cuxo deseño técnico correu a cargo da Consellería de Infraestruturas e Vivenda foi remitido o pasado mes de abril ao Ministerio de Fomento que, a través do ADIF, será o encargado de contratar e executar as obras, ademais de sufragar o custo restante.

Este aparcadoiro disporá de 302 prazas e, ademais de prestar servizo ás estacións de ferrocarril e autobuses, será de grande utilidade ao barrio da Ponte e permitirá a reordenación da actual praza da estación.

O aparcadoiro subterráneo forma parte da primeira fase do gran proxecto da estación intermodal de Ourense, xunto coa nova terminal de autobuses intermodal, cuxas obras foron licitadas o pasado 26 de febreiro pola Xunta de Galicia por un importe de 4,2 millóns de euros e cuxo inicio se prevé para este mesmo mes de xullo.


Situado baixo a área de aparcadoiro da actual praza da estación, terá unha superficie total de 8.645 metros cadrados distribuídos en dous andares en que se repartirán as 302 prazas, e incluírá 10 estacionamentos adaptados para persoas con mobilidade reducida.

O aparcadoiro conectarase coa rúa Eulogio Gómez Franqueira mediante ramplas independentes de vehículos para entrada e saída, situadas ambas no lado sur do equipamento. O desembarco á superficie realizarase en paralelo á rúa, de forma que se poida conectar con ela de forma directa e sen afectar os percorridos peonís na praza nin o tráfico urbano.


Ademais, disporase de tres puntos de acceso peonil desde a praza da estación. Dous deles situaranse na área norte, máis próximas á entrada das terminais de autobuses e

de ferrocarril, respectivamente, e contarán con ascensor accesible. O terceiro situarase no lado sur do aparcadoiro.

Planta de superficie:



Nunha 2ª fase, que desenvolverá o Ministerio de Fomento, levarase a cabo a adaptación da terminal de ferrocarril e as actuacións para mellorar a integración urbana e a conexión transversal cos barrios da Ponte e do Vinteún.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE 470.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA VÍA PARA VEHÍCULOS QUE EVITE A DETERIORACIÓN DA CONTORNA DO PAZO DE MOS

- *A estrada evitará o paso dos vehículos polo trazado do Camiño de Santiago, un pavimento en que agora conviven peóns, particularmente peregrinos, e vehículos de motor*
- *A vía conectará o Pazo dos Marqueses de Mos coa estrada DP-2601, e disporá dunha senda peonil de 2,5 metros de largo nunha das marxes*
- *A intervención está en consonancia co Plan director e estratéxico dos camiños de Santiago da Xunta*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello de Mos para impulsar a execución dunha nova vía en Santa Eulalia, alternativa ao actual trazado do Camiño de Santiago Portugués a Compostela, cun investimento de preto de 470.000 euros.

Mediante este acordo, o Goberno galego autoriza a redacción do proxecto e a execución das obras de construción dun nova vía pola que circule o tráfico rodado, que permitirá evitar o paso dos vehículos polo trazado do Camiño de Santiago, en que agora conviven peóns, particularmente peregrinos, e vehículos a motor.

As actuacións realizaranse na vía que discorre ao carón do pazo dos Marqueses de Mos, no núcleo da Rúa, que coincide co trazado do Camiño de Santiago Portugués a Compostela. Pola súa configuración estreita e polo seu uso, maioritariamente peonil, cómpre promover a execución dunha vía alternativa que permita que os vehículos non pasen polo Camiño, co fin de evitar así actuacións de risco entre vehículos de motor e peóns ou ciclistas.

Con esta colaboración co Concello de Mos o Goberno galego segue a traballar na mellora da seguridade e mobilidade dos distintos usuarios da actual vía de Santa Eulalia, no núcleo da Rúa, especialmente dos máis vulnerables, ciclistas e peóns en xeral, e peregrinos en particular.


A intervención prevista comprende a construción dunha vía de 520 metros de lonxitude, adaptada á orografía. Esta nova vía está prevista no Plan xeral de ordenación urbana do municipio pontevedrés e conectará o Pazo dos Marqueses de Mos coa estrada provincial DP-2601, onde se proxecta unha pequena glorieta que se ten que adaptar a unha zona de fortes pendentes.

Na execución das obras tamén está previsto o acondicionamento dun treito de pista municipal existente ata volver a chegar ao Camiño da Rúa, de maneira que se configurará unha variante a este camiño, completamente funcional. O proxecto inclúe a execución dunha senda peonil de 2,5 metros de largo, na marxe dereita da nova vía.

Segundo establece o convenio aprobado hoxe pola Xunta, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda subvencionará os gastos de execución das obras e dos contratos accesorios de redacción do proxecto, cunha achega de máis de 281.000 euros. O Concello de Mos achegará algo máis de 187.000 euros e correspóndelle a realización das actuacións precisas para a súa correcta execución.

Esta iniciativa está en consonancia co disposto no Plan director e estratéxico dos camiños de Santiago, aprobado polo Goberno Galego. Ten tamén como obxectivo prioritario a mellora da seguridade viaria dos peregrinos, dada a relevancia dos Camiños de Santiago, e ante o forte incremento do número de peregrinacións previstas de cara ao ano 2021.

Plano da zona de actuación:



A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DO IRIXO NA CONSTRUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL QUE UNIRÁ O NÚCLEO DO ABANICO COA ESTACIÓN DE FERROCARRIL, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 188.000 EUROS

- *A actuación mellorará a seguridade viaria dos peóns que percorren a estrada sen beiravía entre a intersección coa estrada do Carballiño e a estación de tren*
- *Construirase unha senda peonil de 840 m de longo e de 1,8 metros de largo, que se deseñará atendendo a criterios de accesibilidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello do Irixo para o financiamento e execución dunha senda peonil que unirá o núcleo do Abanico, na intersección coa estrada OU-902 (Lalín-O Carballiño), coa estación de ferrocarril deste concello ourensán, na antiga estrada OU-223, cun investimento de preto de 188.000 euros.

Esta actuación persegue o incremento da seguridade viaria para os distintos usuarios da estrada actual do Irixo e comparte os obxectivos do Plan de seguridade viaria e do Plan de sendas de Galicia, xa que a nova senda contribuirá a unir a estación de ferrocarril e tamén a Igrexa de Santa María do Campo, coa estrada principal OU-902.



Segundo establece o convenio aprobado hoxe pola Xunta, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda subvencionará os gastos de execución das obras e dos contratos accesorios de redacción do proxecto para mellorar a seguridade viaria do municipio do Irixo. Corresponderanlle ao Concello as actuacións para a súa correcta execución, que inclúen a redacción do proxecto técnico, a contratación e a execución das obras.

A estrada de titularidade autonómica Lalín- O Carballiño conta con vías de servizo nas cales é posible o tránsito peonil seguro no treito entre a capitalidade do Concello do Irixo e a intersección da antiga OU-223, en que se proxecta a senda. Con todo, os peóns que se dirixen á estación do ferrocarril por esa antiga estrada autonómica están obrigados a transitar pola calzada.

Por este motivo, coa sinatura do convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello do Irixo impúlsase a execución dun sendeiro diferenciado ao carón da estrada para que os peóns poidan circular con maior seguridade.

A intervención consistirá na construción dunha senda peonil de 840 m de longo, que comprenderá os traballos de movemento de terras, instalación de canalización de drenaxe e sumidoiros para garantir a drenaxe axeitada, Na obra inclúese a

pavimentación da senda, que terá un largo de 1,8 m e se deseñará atendendo a criterios de accesibilidade.



EDUCACION MOBILIZA PRETO DE 2 M € PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN INDIVIDUAL E GRUPAL DAS UNIVERSIDADES

- *A Consellería financiará con 450.000 euros a incorporación de dez científicos ao SUG no marco do programa Ramón y Cajal*
- *Achéganse outros 1,5 millóns de euros aos grupos de investigación para garantir a súa actividade durante o presente ano*
- *Ambas accións enmárcanse dentro das liñas estratéxicas do Goberno galego de captación, formación e retención do talento no SUG, así como de respaldo ao traballo grupal*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mobiliza preto de dous millóns de euros para impulsar a investigación tanto a nivel individual como grupal nas tres universidades do Sistema Universitario Galego (SUG), tal como aprobou hoxe o Consello da Xunta.

Deste montante, un total de 450.000 euros destínanse a cofinanciar a contratación, por parte das Universidades galegas, de dez científicos cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador, beneficiarios do subprograma Ramón y Cajal (do Ministerio de Economía e Competitividade); mentres que 1,5 millóns restantes achéganse para blindar o funcionamento dos grupos de investigación (tanto de referencia competitiva como de potencial crecemento) ao longo deste 2018.

Dez científicos do Ramón y Cajal

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio entre a Consellería e as universidades da Coruña (UDC), de Santiago (USC) e de Vigo (UVigo) para que poidan incorporar nos seus campus os investigadores máis excelentes.

Grazas ao apoio da Consellería, a UDC, a USC e a UVigo poderán contratar laboralmente aos dez candidatos seleccionados a tempo completo durante cinco anos e coas condicións establecidas no Ramón y Cajal (RyC), 6 deles na Universidade de Santiago de Compostela, 3 na Universidade de Vigo e 1 na da Coruña.

Ao abeiro deste convenio, o Goberno galego -no marco do Plan Galego de financiamento universitario 2016-2020- axuda a cofinanciar os custes asociados á contratación do persoal investigador do Ramón y Cajal, cuxos salarios e cotas empresariais da seguridade social corren a cargo do Ministerio de Economía e Competitividade. Este respaldo súmase aos 14 científicos Juan de la Cierva que se incorporarán ao SUG e cuxos custos de contratación tamén financia a Consellería.

O obxectivo das axudas Ramón y Cajal é promover a incorporación de persoal investigador nacional e estranxeiro cunha traxectoria destacada en centros de I+D a través de contratos laborais ao longo de cinco anos. A través do Programa de captación de talento, trátase de incentivar e apoiar accións de incorporación de científicos de alto nivel sen que iso comporte unha carga orzamentaria para as universidades, centros de investigación ou grupos onde desenvolvan a súa actividade. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 135.000 euros á captación do talento de 14 investigadores, a través do programa Juan de la Cierva de incorporación contratados

Financiamento dos grupos de investigación durante 2018

Así mesmo, o Consello da Xunta autorizou outro convenio de colaboración entre a Consellería e as tres universidades do SUG para financiar, por un importe de 1,5 millóns de euros o funcionamento dos grupos de investigación, tanto de referencia competitiva (85) como de potencial crecemento (69), ao longo do presente ano 2018.

Así, o Goberno galego blinda o apoio a estes grupos que están funcionando mentres non se resolve a convocatoria -agora mesmo en proceso- para o vindeiro período 2018-2020, dotada con 21 millóns de euros entre Consellería e GAIN. Garántese, deste xeito, a continuidade do traballo científico destes grupos que están en activo e evítase que teñan que interromper a súa actividade.

Ambos convenios, tanto a incorporación dos Ramón y Cajal como o apoio aos grupos de investigación, responden a unha das liñas estratéxicas da Xunta de Galicia que é a captación, formación e retención do talento no SUG, así como o respaldo ao traballo grupal.

A ESTRATEXIA EMIGRACIÓN 2020 REFORZA OS VÍNCULOS COS GALEGOS DO EXTERIOR PARA TRANSFORMAR A RESPONSABILIDADE DE GALICIA NUNHA OPORTUNIDADE DE RETORNO

- *O documento quere estender a recuperación económica da comunidade a aqueles que viven no estranxeiro, intensificando a atención aos maiores, especialmente nos países que atravesan unha situación de inestabilidade*
- *Integrado por 102 medidas, busca reforzar as entidades a través da súa actualización tecnolóxica e potenciando o papel protagonista da mocidade*
- *O Goberno galego destinará a estas medidas máis de 26 millóns de euros*

A Xunta de Galicia acaba de aprobar a Estratexia Emigración 2020, elaborada pola Secretaría Xeral da Emigración e integrada por 102 medidas que, xunto á Estratexia Retorna 2020, marcan a actuación integral do Goberno galego para os vindeiros tres anos. O obxectivo deste documento é transformar a responsabilidade que Galicia ten cos galegos do exterior nunha oportunidade de regreso á Comunidade. A principal ferramenta coa que conta o Goberno galego para acadar este fin, que pode xogar un papel clave para superar o reto demográfico de Galicia, son os propios vínculos que tanto os emigrantes galegos como os seus descendentes manteñen desde hai décadas coa súa terra de orixe.

Reforzar esta relación co máis de medio millón de galegos que viven no estranxeiro, unha cifra que medra cada día malia a diminución do número de emigrantes grazas aos seus descendentes, e que xa supón hoxe que un de cada seis galegos vive fóra das nosas fronteiras, é fundamental para colocar Galicia nun lugar privilexiado á hora de incrementar as cifras de retorno. Así o demostran os datos de 2017, que reflicten un aumento do saldo migratorio, que se multiplicou por 2,2 en apenas un ano.

A Estratexia Emigración 2020 conta cun orzamento de máis de 26 millóns de euros que se destinarán, entre outros fins, a reforzar as axudas para cubrir as necesidades básicas dos galegos do exterior, especialmente aqueles que residen en países que atravesan situacións de inestabilidade social, principalmente en América, e a afianzar os vínculos con todos eles, pondo o foco nos mozos, que son o mellor vehículo tanto para a proxección exterior de Galicia como para fomentar o retorno, principal ferramenta para superar o reto demográfico da comunidade.

A mocidade e as entidades, claves para a Galicia exterior

Gran parte deste labor recaerá, como vén sendo desde hai décadas, nas entidades, cuxa relevancia ratifica o documento como principais ferramentas de divulgación e execución dos programas tanto sociais como culturais da Xunta no exterior.

Potencialas coa súa actualización tecnolóxica, a través das TIC, e social, reforzando o papel da mocidade nos seus órganos decisorios é outro dos obxectivos deste plan.

Recoñecer o labor das entidades, así como o das persoas vinculadas coa Galicia exterior, será precisamente a finalidade das distincións que ten previsto crear a Xunta de Galicia nos vindeiros anos, e que pretende poñer en valor o traballo en prol da galegitude fóra das nosas fronteiras.

A protección do patrimonio cultural tamén ocupa un lugar destacado entre as prioridades da estratexia coordinada pola Secretaría Xeral da Emigración coa colaboración doutros departamentos do Goberno galego, a través tanto da creación de ferramentas máis eficaces de protección do patrimonio cultural exterior como de divulgación da Galicia territorial, entre os que destaca especialmente a lingua. Crearase, así, un centro de referencia da emigración e executarase o Plan director para a protección do patrimonio das comunidades galegas no exterior.

Incrementar as axudas individuais para galegos do exterior que residen en países que están a atravesar unha situación de inestabilidade política e social, non só ampliando as contías, senón tamén o seu ámbito de alcance, coa inclusión dos medicamentos; facilitar aos galegos do exterior a tramitación desde os países de orixe da Tarxeta Galicia Saúde Exterior, e o acceso ao recoñecemento de familia numerosa para que poidan gozar dos seus beneficios nas súas estadías temporais en España son algunhas das medidas concretas deseñadas para lograr estes obxectivos. A Xunta de Galicia intensificará, así mesmo, a colaboración coas entidades galegas no exterior que prestan servizo aos nosos maiores, como os centros de día e as residencias de anciáns.

E prestará, desde logo, unha atención especial á mocidade exterior, coa que colaborará para preparar a remuda das entidades galegas no estranxeiro e á cal dedicará moitos dos seus esforzos por manter vivos e mesmo reforzar os seus vínculos con Galicia a través dos programas Conecta con Galicia, Aventúrate, campus deportivos e campos de traballo. Con este mesmo obxectivo crearase a Tarxeta Xuventude Exterior, que lles permitirá beneficiarse das vantaxes de ser mozo e de ser galego. O Goberno galego busca fomentar, ademais, a presenza e o peso das mulleres tanto nas bases como nos órganos directivos das entidades galegas no exterior.

A SUBA SALARIAL AOS EMPREGADOS PÚBLICOS DA XUNTA SUPOÑERÁ UNHA MEDIA DUNS 2.800 EUROS MÁIS POR TRABALLADOR ATA 2020

- *A Administración galega xa efectuou un incremento salarial en 2016 e 2017 que supuxo uns 660 euros, polo que a suba acumulada ascenderá a unha media de 3.500 euros ao final de 2020*
- *A Xunta empeza a aplicar o acordo asinado en marzo entre o anterior Goberno e os sindicatos, que prevé unha suba do 8,8% para o período 2018-2020*
- *Na nómina deste mes de xullo aplicará unha suba salarial do 1,5% e incluírá un pago extra dun importe medio de 250 euros polo efecto retroactivo a 1 de xaneiro*
- *O Goberno galego xa preveu este incremento nos Orzamentos en vigor, polo que non será necesario realizar ningún cambio legislativo*
- *Preto de 100.000 traballadores beneficianse desta mellora económica, que abrangue tamén ao persoal das universidades e do ensino concertado*

Os incrementos salariais aos empregados públicos da Administración galega supoñerán unha media duns 2.800 euros máis por cada traballador ata o ano 2020, que se unen aos 660 euros de media de incrementos xa aplicados nas nóminas dos anos 2016 e 2017. En consecuencia, a suba acumulada ascenderá a unha media duns 3.500 euros por empregado público ao final do ano 2020.

A Xunta de Galicia xa aplicou un incremento salarial do 1% nas nóminas de todos os seus empregados públicos nos anos 2016 e 2017. E neste 2018 comezará a aplicar xa este mes o acordo para a mellora do emprego público asinado o pasado mes de marzo entre o anterior Goberno central e as organizacións sindicais CCOO, UGT e CSIF, que prevé un incremento salarial de ata o 8,8% no período 2018-2020 suxeito ao cumprimento dos distintos obxectivos de estabilidade orzamentaria e evolución económica.

En concreto, a Xunta de Galicia aboará xa na nómina do mes de xullo unha suba salarial do 1,5% aos seus empregados públicos, unha vez que os Orzamentos Xerais do Estado entraron en vigor e habilitan ás administracións públicas para aplicar este incremento. Ademais, na nómina deste mes de xullo incluírase un pago adicional duns 250 euros de media correspondente á aplicación desta suba salarial entre os meses de xaneiro e xullo, dado que a medida ten carácter retroactivo e polo tanto ten efectos desde o 1 de xaneiro.

Para efectuar estes pagamentos, a Consellería de Facenda vai modificar de xeito inmediato a orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2018, o que permitirá actualizar con efectos do 1 de xaneiro as contías das retribucións, que experimentan

un incremento do 1,5%. Este incremento, ao igual que os anteriores, quedará consolidado na nómina.

En todo caso, o Goberno galego non terá que impulsar ningún cambio lexislativo para aplicar esta suba salarial, dado que xa preveu este incremento no momento da elaboración dos Orzamentos da Comunidade Autónoma para o actual exercicio 2018. Polo tanto, Galicia estará entre as primeiras comunidades que aplica o incremento retributivo, posto que ata agora ningunha administración pública tiña habilitación legal para efectualo.

Outro 0,25%, pendente do Goberno central

O acordo asinado en marzo de 2018 entre o Ministerio de Facenda e os sindicatos CCOO, UGT e CSIF establece unha suba salarial para o ano 2018, produto da suma dun 1,5% fixo e un 0,25% variable, este último con efectos de 1 de xullo. Esta última porcentaxe está condicionada ao cumprimento por parte do Reino de España do obxectivo de evolución do Produto Interior Bruto (PIB) correspondente ao exercicio anterior.

A Xunta aplicará xa na nómina de xullo un incremento salarial do 1,5%, pero o 0,25% restante non se pode aplicar ata que o Goberno do Estado acorde e dea traslado ás Comunidades Autónomas do devandito acordo no que se determine o cumprimento do obxectivo antes mencionado, segundo establece o documento subscrito en marzo de 2018 entre o Goberno de España e as organizacións sindicais.

Suba salarial para 100.000 traballadores

A Xunta prevé que uns 100.000 traballadores galegos van percibir a mellora nas súas retribucións durante este período. Nesta cifra están incluídos os máis de 87.000 empregados que traballan nos servizos públicos autonómicos: consellerías, hospitais, centros de saúde, centros de ensino ou centros de servizos sociais, entre outros. Tamén alcanzará ao persoal que traballan nas tres universidades públicas e nos centros de ensino concertado.